



Mexillón de Galicia poderá utilizar o seu selo conxuntamente co europeo nos produtos transformados

A Comisión Europea respondeu de forma favorable á solicitude do Consello Regulador para poder incluír nos produtos transformados de mexillón unha etiqueta na que apareza conxuntamente o selo da DOP Mexillón de Galicia e o europeo.

Esta autorización, que leva aparellada unha modificación do Prego de Condicións da DOP, permitirá utilizar o símbolo comunitario nas etiquetas dos produtos elaborados con Mexillón de Galicia, mesmo cando fosen sometidos a un tratamento tecnolóxico ou de conserva. Refórzase así ante o mercado a calidade percibida que xa ten o noso selo ao aparecer agora acompañado doutro da UE. Ademais, a medida permite equiparar o mexillón en fresco (que se presentaba coa etiqueta da DOP e a europea) ao transformado ou en conserva.

Este paso xustifícase pola vocación da DOP de fortalecer a súa presenza nos mercados internacionais. E iso obriga a transportar o mexillón a puntos de destino moi afastados de Galicia, de maneira que se require, á súa vez, unha caducidade máis prolongada do produto que só pode ofrecer o mexillón transformado, moi superior á do fresco.

Esa presenza conxunta de ambos os selos contribuirá igualmente a que a nosa marca se vaia facendo un oco entre as cadeas de distribución e consumidores doutros países ao aparecer a súa etiqueta acompañada do logotipo europeo que ampara ás DOPs. E, en consecuencia, permitirá incorporar ao patrimonio comercial de Mexillón de Galicia o prestixio do selo europeo como elemento de identificación dos valores diferenciais propios dos produtos amparados por unha DOP. É por tanto un paso necesario para facilitar a actuación comercial das empresas rexistradas nos rexistros de Mexillón de Galicia e axudar así á consolidación estrutural da DOP no mercado.

O uso do símbolo europeo irá sempre acompañado da mención “elaborado con” e do selo de Mexillón de Galicia (formando unha única unidade gráfica).

Elaborado con

